

PUBLICADAS AS LISTAXES DEFINITIVAS DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS (CURSO 2024/25)

1. As listas poderán ser consultadas presencialmente no taboleiro de anuncios da secretaría do centro e de forma non presencial a través da aplicación admisión alumnado empregando a Chave 365 ou certificado dixital da Fábrica Nacional da Moeda e Timbre.

2. Poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Xefatura Territorial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolver o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Comunicámoslles que o prazo para a matriculación para o vindeiro curso 2024/25 será do 20 ao 30 de xuño (só para alumnado de nova incorporación).

Para a realización deste trámite é necesario presentar a seguinte documentación:

- 4 fotos tamaño carné.
- Impreso de matrícula.
- * Fotocopia dos carnés dos pais/nais ou titores/as legais e do alumno/a, se é o caso.
- * Fotocopia do libro de familia, para acreditar a data de nacemento (se non posúe carné).
- Fotocopia plastificada da cartilla da Seguridade Social ou outra entidade médica.
- Impreso de actualización de datos 2024/25.

O resto do alumnado do centro só deberá entregar o formulario de actualización de datos 2024/25.

*Se entregaron as fotocopias no proceso de admisión, non é necesario volver a entregalas.

** Débese cotexar todos os documentos amosando os orixinais.